



Asunto: notificación da resolución sobre unha solicitude de acceso á información ambiental presentada por [REDACTED].

En relación co asunto de referencia, comunícolle que con data do 29 de xuño de 2020, a directora xeral de Patrimonio Natural ditou unha resolución sobre unha solicitude de acceso á información ambiental presentada [REDACTED] co texto íntegro seguinte:

“RESOLUCIÓN DO 29 DE XUÑO DE 2020 DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL, SOBRE UNHA SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA PRESENTADA POLA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE ORNITOLOXÍA.

TIPO DE PROCEDEMENTO	Acceso á información pública
Solicitante	[REDACTED]
Dirección para os efectos de notificación	[REDACTED]

ANTECEDENTES

O 7 de maio de 2020 ten entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude presentada por [REDACTED] en calidade de representante da Sociedade Española de Ornitología, solicitando:

- Os datos ou informes de seguimento e abundancia das poboacións de rula común (*Streptopelia turtur*) e o paspallás (*Coturnix coturnix*) que habitan en Galicia, a partir do ano 2010.
- Os datos sobre as capturas de rula común (*Streptopelia turtur*) e paspallás (*Coturnix coturnix*) en Galicia durante o desenvolvemento de actividades cinexéticas nas tempadas cinexéticas comprendidas entre os anos 2010 e 2019.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I. A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (BOE núm. 171, do 19.07.2006), regula no seu capítulo III o acceso á información ambiental previa solicitude.

II. No artigo 10.1 da citada norma establécese que as solicitudes de información ambiental deberán dirixirse á autoridade pública competente para resolvelas e tramitaranse de acordo cos





procedementos que se establezan para tal efecto. Entenderase por autoridade pública competente para resolver unha solicitude de información ambiental, aquela en cuxo poder obra a información solicitada, directamente ou a través doutros suxeitos que a posúan no seu nome.

III. No artigo 13.2. establece que as solicitudes de información ambiental poderán denegarse si a revelación da información solicitada pode afectar negativamente á protección do medio ambiente ao que se refire a mesma.

IV. Dende o servizo de Caza e Pesca Fluvial da Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas considérase que a solicitude de información ambiental presentada por [REDACTED] en calidade de representante da Sociedade Española de Ornitoloxía, nos termos nos que está formulada, unicamente pode ser atendida no que afecta á información dispoñible sobre as capturas de paspallás e rula común realizadas nos tecores da antiga lagoa de Antela, dado que o resto de información solicitada, polo feito de que se trata de información sobre os traballos de censo e inventario da poboación de paspallás nos tecores da antiga lagoa de Antela, que constitúen a información de base para coñecer o estado da poboación, distribución e a posible tendencia da especie na área de estudo. Estes traballos, encargados pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, supoñen un complemento técnico básico para a toma de decisións, pero en todo caso, corresponde á administración a elaboración e aprobación do plan técnico definitivo e facilitar a información requirida pode afectar negativamente á protección do medio ambiente, polo que constitúe unha causa de denegación das solicitudes de acceso á información, atopándose entre os supostos recollidos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

V. A competencia para a resolución desta solicitude correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co disposto no *Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

De acordo con todo o anterior, **RESOLVO,**

Primeiro. Admitir a solicitude de información ambiental presentada [REDACTED] ao encontrarse entre os supostos recollidos na Lei 27/2006, de 18 de xullo.

Segundo: Dar traslado da seguinte información, en resposta á solicitude presentada:

Ano	Nº de exemplares de rula común cobrados	Nº de exemplares de paspallás cobrados
2010	-	8971
2011	-	8889
2012	-	9456





2013	1213	7082
2014	683	9591
2015	899	8010
2016	561	6124
2017	745	9242
2018	545	7145
2019	437	10060

Contra esta resolución, que non finaliza a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Asinado dixitalmente

O xefe de servizo de Caza e Pesca Fluvial

Agustín Alberto Gil Ramos

Asinado por: GIL RAMOS, AGUSTIN ALBERTO
Cargo: Servizo de Caza e Pesca Fluvial
Data e hora: 29/06/2020 11:29:55



1. The first part of the document is a list of the names of the persons who have been appointed to the various offices of the Board of Directors of the company.